

CES
COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL
Núm. 37 (2014-2015), páxs. 487-491
ISSN: 1130-2682

LE FORME DI IMPRESA PRIVATA DIVERSE DALLE
SOCIETÀ LUCRATIVE TRA AIUTI DI STATO E
COSTITUZIONI ECONOMICHE EUROPEE

CUSA, EMANUELE

G. GIAPPICHELLI EDITORE 2013, TORINO,
152 PÁXINAS, ISBN 978-88-3484792-3

FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ¹

¹ Profesor Contratado Doutor interino. Área Dereito Mercantil da Universidade de Vigo. Correo electrónico: fitorres@uvigo.es

Emanuele Cusa é profesor de Dereito mercantil e de Dereito da empresa mutualística e organizacións non lucrativas na Universidade de Milán-Bicocca. A súa dilatada experiencia investigadora ten estado ligada, principalmente, ao estudo do réxime xurídico das sociedades cooperativas. Froito da mesma atopamos seis monografías publicadas desde o ano 1992 e das que a obra aquí comentada supón, polo de agora, un brillante colofón.

A monografía está estruturada nun breve apartado introdutorio, tres capítulos, un epígrafe de conclusións e a oportuna bibliografía. O verdadeiro interese da mesma radica en que, ademais da análise detallada de cuestións de especial relevancia —tal e como veremos a continuación—, o debate de fondo sitúase no plano da finalidade que teñen que cumprir as diversas formas xurídicas de empresa e a interconexión entre o poder económico e poder político na sociedade actual. En particular, no centro do debate situase o cumprimento do mandatos constitucionais consonte aos que a competitividade da economía vincúlase ao progreso social e das persoas.

Avanzada esta cuestión, hai que salientar que no capítulo primeiro trátase a relación entre o dereito da UE e os diferentes ordenamentos nacionais. En concreto analízase o nexo entre as normas reguladoras das axudas de estado e a orientación política dos estados membros na que se intenta primar como modelo de empresa certas formas xurídicas mais acordes cos principios constitucionais no que atinxe aos avances sociais do sistema económico.

Neste punto, interesa citar algunhas das ideas que son tratadas neste capítulo. Pártese dun argumento coñecido por todos, isto é, que o dereito da competencia da UE serve para tutelar a competencia dinámica e efectiva intra comunitaria e ten como obxectivo final acadar unha economía social de mercado fortemente competitiva. Nesta materia o autor destaca que “a palabra “social” (orientada ao ben común) debe prevalecer sobre o sintagma “fortemente competitiva”, evocando a primeira un fin e o segundo un medio”. Tamén apúntase que os perfís indeterminados do que ten que considerarse como axuda de estado, teñen sido analizados pola xurisprudencia do TJUE. Non obstante, a cuestión mais controvertida

O capítulo segundo versa sobre a promoción de modelos de empresa non exclusivamente lucrativas na UE. A idea que serve de inicio a este capítulo é que, pese ao desexo do lexislador comunitario, a regulación a nivel europeo de modelos alternativos as formas empresariais capitalistas clásicas (sociedade limitada e anónima) ten sido escasa —coa única excepción, posiblemente, da Sociedade Cooperativa Europea— ademais de incompleta e de pouca calidade técnica. Debido a este motivo, tanto a Comisión Europea como o TJUE teñen valorado que tipo de medidas nacionais de promoción de formas de empresa alternativas ás so-

ciedades lucrativas deben ser catalogadas como axudas de estado. Nesta materia estúdase a sentenza do TJUE do 2006 no caso “Cassa di Risparmio di Firenze”. Conclúese, a efectos do que interesa na obra, que polo feito de que determinada clase de “entes” teñan unha finalidade non lucrativa ou social, non se ten que deducir que deban estar exonerados da aplicación da disciplina das axudas de estado.

Avanzada esta idea, estúdase a aplicación desta disciplina ás sociedades cooperativas tendo en conta os diversos argumentos que a Comisión Europea ten utilizado para cualificar como axudas de estado certas medidas de promoción das cooperativas en razón a súa peculiar forma xurídica. Neste estudo evolutivo, destácase a sentenza do TJUE do 2011 –coñecida como o caso “Paint Graphos”- pola cal se conclúe que unha medida de apoio non é selectiva, e por tal motivo non pode ser catalogada como axuda de estado, si se aplica tan so ás sociedades cooperativas que cumpran unha serie de características que as convarten en cooperativas “verdadeiras”. Ditos elementos caracterizadores, en concreto oito, relaciónanse principalmente coa organización interna, a posición das persoas socias na propia organización e co réxime económico característico deste tipo de sociedades. A relevancia desta sentenza radica na súa implicación tanto para a propia Comisión como para os estados membros que, no momento de valorar certas medidas de promoción ás cooperativas, deberían xulgar as condicións previstas na mesma. Ademais resulta importante para o lexislador comunitario cando deseñe a nova disciplina aplicable a sociedade cooperativa europea.

Por último, no capítulo terceiro, analízase a temática da constitución económica europea en relación cos diversos modelos de empresa privada. Para iso, o profesor Cusa, parte dun argumento básico. A efectividade da competencia intracomunitaria depende de garantir e promover a diversidade dos modelos de empresa. Con todo, nesta variedade, deberíanse favorecer aquelas formas empresariais que foran mais acordes cos principios e obxectivos constitutivos da UE. Por tal razón, identifícanse cinco razóns para fundamentar a específica promoción dos modelos empresariais non exclusivamente lucrativos. Resumidamente serían as seguintes: i) deberían promoverse modelos de empresa coherentes cunha política de emprego de plena ocupación; ii) os modelos que primen a democracia nas decisións da empresa; iii) aquelas empresas que posúen unha estrutura de propiedade que premia a opcións de xestión a longo prazo; iv) as formas empresariais capaces de mellorar a distribución da riqueza que crean; v) e, finalmente, incentivar aquelas formas xurídicas que transforman ao consumidor en produtor permitíndolle tutelar mellor os seus intereses económicos. Na base deste debate, sitúase unha concepción do dereito de sociedades que combine correctamente os intereses particulares co interese xeral. Neste punto, o modelo cooperativo vense perfilando como unha alternativa real ás formas xurídicas típicas de sociedades lucrativas por cuanto é unha forma empresarial evolucionada técnica e xuridicamente e na

que se da primacía á persoa. Conclúese que os elementos configuradores da verdadeira cooperación son totalmente acordes cos principios da UE e de moitos dos ordenamentos xurídicos dos estados membros.

Non obstante, pese a que argumento dota de lexitimidade as medidas de promoción das formas xurídicas non lucrativas, o autor sinala tres condicións necesarias para levar a cabo esa labor de promoción. Por unha parte, delimitar clara e sinteticamente os perfís xurídicos e organizativos de tódolos modelos alternativos ás sociedades lucrativas. E, en todo caso, concluír si aqueles modelos tradicionais (asociacións, fundacións, mesmo ás cooperativas) deben ser obxecto de modernización para responder aos obxectivos actuais das diferentes formas xurídicas de empresa.

Ademais o autor preconiza a elaboración de normas que equiparen ás diversas formas xurídicas que operan no mercado pero que favorezan tan só a aquelas cuxa actividade sexa respectuosa os obxectivos do TFUE (en concreto co seu art. 3.3). E, finalmente, que todas estas medidas vaian acompañadas dun sistema de control que garanta que os recursos públicos (sexa cal sexa a vía que se decida) non van destinados a suxeitos que non merecen tal promoción.